



ENTREVISTA A XAQUÍN LORENZO 3.

O Partido Galeguista.

NOME DO DOCUMENTO: MPG_MPGF_0001_004_en_0_21_10_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_MPGF_0001_004_en_0_21_10.mp3
TIPO DE DOCUMENTO: Rexistro etnográfico
FEITO REXISTRADO: Entrevista

RESUMO / DESCRICIÓN:

Esta ficha recolle parte (3/6) dunha entrevista a Xaquín Lorenzo Fernández “Xocas” realizada no seu domicilio de Ourense no ano 1980 por Justo Beramendi. A gravación, no marco da súa investigación sobre o nacionalismo galego de anteguerra, abrangue temas relativos á Guerra Civil, ao grupo Nós, á relación persoal de Xocas con Vicente Risco, ao Partido Galeguista, entre outros.

Publicamos esta gravación orixinal co gallo do centenario do Seminario de Estudos Galegos (1923-2023) no que Xaquín Lorenzo ingresou o 1 de maio de 1926 e no que exerceu diversos cargos.

DATOS DA ENTREVISTA:

ENTREVISTADOR: Justo Beramendi González

INFORMANTE:
Nome: Xaquín Lorenzo Fernández
Idade no momento da recolla: 73 anos
Lugar e data de nacemento: Ourense, 23 de xuño de 1907
Ocupación: Etnógrafo membro do Seminario de Estudos Galegos. Cofundador do Museo do Pobo Galego, foi o primeiro Presidente do seu Padroado.

DATA DA RECOLLA: 1 de xullo de 1980

LOCALIZACIÓN:
Lugar: Ourense
Parroquia: -
Concello: Ourense
Provincia: Ourense

COLECCIÓN: Fondos Propios do Museo do Pobo Galego. Varios.



DATOS DA TRANSCRICIÓN:

A transcripción da presente entrevista realizada por Justo Beramendi e María Xosé Fernández Cerviño, preparada para a edición do libro *Xocas revisitado : lembranza de Xaquín Lorenzo Fernández*, foi base para este documento. Dende o APOI readaptouse seguindo o audio orixinal.

BIBLIOGRAFÍA:

Xocas revisitado : lembranza de Xaquín Lorenzo Fernández / textos de Miguel Ángel Santalices Vieira, Román Rodríguez González, Justo Beramendi González, et al. — Santiago de Compostela : Museo do Pobo Galego, 2021.

PALABRAS CHAVE:

Partido Galeguista, Estatuto, Guerra Civil, Mocidade Nazionalista, Dereita Galeguista, Partido Nacionalista Republicano, Café Derby, Alexandre Bóveda, Casal, política, mitin, partidos políticos, galeguismo, Vicente Risco, Madrid, Ourense, Santiago de Compostela.

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Isabel Vigo Rodríguez



TRANSCRICIÓN DA ENTREVISTA

Justo Beramendi: E unha cousa, vostede estivo no Partido Galeguista? Ou non chegou a entrar.

Xaquín Lorenzo: Si. Non solo estiven no Partido Galeguista senón que, estando en Madrid no ano 36, fixen en Madrid, fun un dos organizadores, dos que armaron todo aquilo da propaganda do Estatuto en Madrid. Que levamos, entre outros, organizáramos no teatro aquel, no Fontalba un mitin no que falou Del Riego.

J. B.: Era moi mitineiro, non?

X. L.: O Paco e eu somos protagonistas -porque o outro protagonista foi fusilado- somos protagonistas dun mitin en Lavacolla. No ano, debeu de ser no 33, estabamos un día no café Derby, en Santiago.

J. B.: Estaba entón na Mocidade, non?

X. L.: Non, figuraba xa no Partido, figuraba dende aquí, era do Partido de Ourense. E estábamos alí e chegou Bóveda. Alexandre Bóveda era un home que pensaba as cousas, analizábaas, examinábaas e, claro, chegaba a unha conclusión lóxica, de maneira que con Bóveda era inútil discutir, porque todas as razóns que podía un pórllle, xa el as había pensado e xa estaba todo contestado e, claro, nesas condicións xa non lle discutíamos. Chegou ao café e dícenos:

“- Bueno, a ver, Xocas, Del Riego e Casal tendes que ir dar un mitin a Lavacolla”.

“- Pero home! Pero Bóveda!...”

“- Nada, tendes que ir porque vos están esperando, tendes un taxi aí a porta, de maneira que non tendes máis que coller e marchar”.

Claro, o de sempre, collimos e marchamos. O mitin deuse, como tódolos mitins galeguistas, desde un corredor dunha casa que daba á carreteira. A xente enchendo a carreteira e nós saímos a falar desde un corredor. O primeiro fun eu. Non sei que parvadas puideron dicir, o que sei é que rematei e os paisanos catro palmadas de compromiso e nada máis. Despois saíu Del Riego, con cara triste e tamén dixo unhas cousas moi tristes, non sei de que (palmadas). Eu estaba pensando: “Bueno, agora Casal, esta máis acostumado a estas cousas e el salvará a situación, porque esto é unha calamidade”. E sale Casal cun puro na mao, apóiase na barandilla e berra:

“- Irmáns!!”

Pero nese momento aparece unha camioneta que vén polo medio da carreteira, a xente que se ten que abrir en dúas para deixarlle paso, Casal que se cala esperando que pase a camioneta, pero ao pasar a camioneta por diante do corredor o axudante do chofer asómase pola ventanilla da cabina e bérralle a Casal:

“- Como gana-lo garbanzo, ladrón!”



O Casal olvidouse de que se trataba dun mitin galeguista, botouse pra diante no corredor e berroulle:

“- La puta de tu madre, carajo!!”

Efectivamente, éxito definitivo. Os paisanos entusiasmáronse...

(Risas)

J. B.: Ou sexa que vostede estaba no Partido desde a fundación, practicamente.

X. L.: Desde a fundación, aquí en Ourense.

J. B.: E no Partido Nacionalista Republicán tamén, ou aínda non. Iso era no ano 30.

X. L.: Non, isto foi a constitución do Partido Galeguista aquí en Ourense e despois marchei a Santiago, vamos, cando fun a estudar, eu continuaba sendo aquí do Partido Galeguista e cando houbo a escisión eu estaba en Madrid.

J. B.: A escisión da Dereita Galeguista?

X. L.: Si. Eu estaba en Madrid e xa non puiden intervir aquí en nada porque estaba en Madrid. Cando vin de Madrid eu viñen o día, iso si que o lembro perfectamente, vinme de Madrid o día 10 de xullo do 36. O 13 mataron a Calvo Sotelo e o 18 empezou a danza esta. E eu, ao pasar por aquí pasei, non me detiven en Ourense porque estaba xa miña nai en Lobeira, e eu funme directamente a Lobeira. Apenas parei aquí unhas horas pra ver esta xente, pero pra velos así nese plan de: “-Voume pra Lobeira, xa falaremos se veño.”

J. B.: Ou sexa que todos eses anos estivo en Santiago ou en Madrid.

X. L.: En Santiago ou en Madrid, e claro, a vida miña como, a vida digamos, a vida de militante foi un pouco así polas marxenes, pois en Santiago intervindo en todo o que me chamaban prás cousas de propaganda e en Madrid organizando, á marxe do Partido, organizando unha campaña de propaganda do Estatuto.

J. B.: E cando a cousa, vamos cando Risco non estivo de acordo xa coa marcha que tiña do Partido, sobre todo, supoño, coa cousa do Frente Popular, non lle escribiu a vostede? Porque a Paco del Riego, en cambio, escribíalle moito tratando de atraer aos mozos para a súa postura.

X. L.: A min non, porque Risco sabía perfectamente, Risco comigo non necesitaba decir nada. El sabía que intelectualmente, como investigador, eu estaba sempre ao seu lado. Agora, politicamente eu non podía decidirme nin por uns nin por outros, porque pra min a política en Galicia non foi unha cuestión de razonamento senón de sentimento. A min non me importa que un señor sea dun partido ou sea de outro, que sexa de dereitas ou sexa de esquerdas, que sexa de onde lle dea a gana. O que me interesa é poder aplicar aqueles principios que poidan resolver os problemas de Galicia, podelos aplicar, pero tamén eso de crer paréceme inútil eso de crer que porque eu acepte unha solución teño que aceptar tódalas solucións que ese partido dá. Aceptarei unhas e outras non, as que me parezca que conveñen pra Galicia aceptareinas, as que vexa que non conveñen pra Galicia



non as acepto. É dicir, que pra min non ten valor un programa, ten valor unhas solucións isoladas, concretas. Vamos resolver o problema da emigración, moi ben, solucións: pois esta, esta e esta. Que o partido que a resolve é un partido de dereitas ou de esquerdas, eso a min non me interesa, o que me interesa é que iso se solucione. E así, se un problema o podo solucionar cunha solución dun partido de esquerdas e outro o podo solucionar cunha solución dun partido de dereitas, a min que máis me dá se a etiqueta non ten valor, o que ten valor é a solución.

Porque aquí estamos vivindo unha época absurda. A min indígname un pouco o ver estas cousas que se están facendo hoxe. Ah!, os problemas que hai hoxe, o problema da emigración, o problema do paro, o problema da inflación. Pero señor, se iso coñecémolo todos, xa sabemos que hai eses problemas. A que vén o estar tódolos días recalcándonolos. Traian vostedes solucións. Isto é o que pode ter un interés pra nós, as solucións a eses problemas.